

VIII ASSEMBLEA NACIONAL ISCA!

ESTATUTOS



isca!

1 **De Isca!**

2

3 **Art. 1.** Isca! é unha organización xuvenil asemblear e democrática, que aspira a unir a
4 mocidade revolucionaria galega na loita pola independencia nacional e a superación
5 do capitalismo, pola destrución do patriarcado, pola construción do socialismo e o
6 comunismo.

7

8 Galiza é unha nación colonizada e, polo tanto, ten dereito á súa autodeterminación.
9 Entendemos esta como un proceso que conduza á independencia nacional, entendida
10 como o exercicio da soberanía plena, tanto no institucional como no económico.

11

12 Consideramos o capitalismo un sistema inxusto por definición, e só desde a súa
13 superación poderemos construír alternativas viábeis para o noso pobo. Traballare-
14 mos pola construción de modos de vida alternativos á lóxica do capital.

15

16 Recollemos as ideas de Marx, Engels e Lenin a partir das cales se funda unha teoría
17 política que interpreta a realidade concreta de cara á súa transformación revolucio-
18 naria, así como de todas as achegas do pensamento revolucionario, particularmente
19 do movemento comunista e de liberación nacional.

20

21 Facemos nosa a causa revolucionaria da loita pola liberación das mulleres, contra
22 o patriarcado, contra o sexismo e a discriminación. Mentres non erradiquemos toda
23 forma de opresión e dominación por razón de xénero non haberá unha sociedade
24 xusta nin democrática. Consideramos obriga de todas as mozas e mozos traballar
25 pola abolición do sistema patriarcal e asumir posicións feministas en concordancia
26 coas análises revolucionarias da realidade. Inserímonos tamén na loita polos
27 dereitos do colectivo LGBT, e analizamos a opresión que este colectivo sofre como
28 unha máis das armas do patriarcado para manter a súa hexemonía e control.

29

30 Opómonos á destrución dos recursos naturais por parte do sistema capitalista que
31 antepón a súa procura de lucro á conservación do planeta e aos intereses do conxunto
32 da humanidade. Declarámonos ecoloxistas, asumimos a loita na defensa do medio
33 ambiente ante este modelo irracional que espolia os nosos recursos naturais e a
34 nosa biodiversidade autóctona, defendendo a necesidade dun sistema económico
35 planificado en harmonía coa natureza.

36

37



1 Traballamos no movemento popular galego coa perspectiva dunha transformación
2 profunda e radical da sociedade galega mediante un proceso revolucionario baseado
3 na loita de masas e na participación directa das clases populares galegas na toma
4 de decisións políticas e económicas.

5

6 Isca! é unha escola de cadros revolucionarios que aspira a formar mozas e mozos na
7 teoría e na praxe revolucionaria, dotándoa de ferramentas de análise para a trans-
8 formación da realidade.

9

10 **Art. 2.** Isca! é a organización xuvenil do Movemento Arredista. Asume así todos os
11 seus principios organizativos plasmados nos seus estatutos, o seu programa e os
12 seus principios ideolóxicos. As persoas que fixeren parte de Isca! participarán cos
13 mesmos dereitos e obrigas no Movemento Arredista, conforme aos canais estabele-
14 cidos polo partido e os protocolos de colaboración vixentes.

15

16 **Art. 3.** Poderá participar en Isca! calquera persoa até os 30 anos de idade que así o
17 solicitar e que acatar os principios propios da organización. Existen tres figuras de
18 participación: militante, colaboradora e simpatizante.

19

20 ***Das militantes***

21

22 **Art. 4.** Pode solicitar a militancia en Isca! calquera persoa de até trinta anos de idade
23 que acatar os seus principios ideolóxicos, así como os presentes Estatutos. Quen a
24 solicitar deberá ser presentada na Asemblea de Zona correspondente, a cal deberá
25 aprobar a súa alta na organización despois dun período mínimo de colaboración
26 de tres meses. No caso de non existir Asemblea de Zona, a solicitude deberá ser
27 presentada á Mesa Nacional.

28

29 **Art. 5.** Son deberes das militantes de Isca!:

30

31 a) Cotizar coa cota establecida.

32 b) Empregar a lingua galega en todos os seus ámbitos e defender a cultura da nosa
33 nación.

34 c) Mellorar permanentemente os seus coñecementos políticos.

35 d) Contribuír á expansión e reforzamento da organización.

36 e) Manter a confidencialidade sobre os asuntos internos da organización.

37 f) Contribuír á difusión das posicións da organización, así como das súas actividades



- 1 e publicacións.
- 2 g) Defender a imaxe pública, os principios e os obxectivos da organización.
- 3 h) Implicarse nos debates, nas tomas de decisión e na execución da actividade da
4 organización.
- 5 i) Traballar activamente pola unidade e cohesión política, ideolóxica e organizativa
6 de Isca!
- 7 j) Asistir ás reunións e actividades da organización. Xustificar debidamente as
8 ausencias e participar activamente nos canais de comunicación creados pola or-
9 ganización.
- 10 k) Render contas sobre as responsabilidades e tarefas asumidas, exercendo a crítica
11 e da autocrítica.
- 12 l) Participar en Galiza Nova, no Movemento Arredista e no BNG, así como nas orga-
13 nizacións populares de masas no seu ámbito de residencia ou traballo. A militancia
14 de Isca! Deberá contribuír activamente á creación de organizacións populares alí
15 onde estas non existiren.
- 16 m) A camaradaxe. Este debe ser entendido na súa máxima extensión, entendendo
17 os lazos que nos unen, sendo estes de militancia, para tentarmos ter un espazo
18 político san, mantendo unhas actitudes de respecto e apoio a todas as compañeiras.

19

20 **Art. 6.** Son dereitos das militantes de Isca!:

21

- 22 a) Definir e deseñar a liña ideolóxica da organización, facéndoo con dereito a voz e
23 voto na Asemblea de Zona a que pertenza, e podendo participar con voz mais sen
24 voto noutras Asembleas de Zona en que de xeito eventual poidan estar deslocaladas.
- 25 b) Recibir información periódica da organización.
- 26 c) Elixir e ser electas para responsabilidades dentro dos distintos organismos de
27 Isca!
- 28 d) Empregar os locais e resto de infraestruturas da organización.
- 29 e) Recibir formación política e ideolóxica. Recibir información sobre actividades e
30 debates internos da organización.
- 31 f) Recibir o apoio da organización en caso de sufrir persecución polas súas
32 actividades políticas derivadas da súa militancia.

33

34 ***Das colaboradoras***

35

36 **Art. 7.** Pode solicitar ser colaboradora en Isca! calquera persoa de até trinta anos
37 de idade que acatar os seus principios ideolóxicos, así como os presentes Estatutos.



1 Quen a solicitar deberá ser presentada na Asemblea de Zona correspondente, a cal
2 deberá aprobar a súa alta como colaboradora na organización. No caso de non existir
3 Asemblea de Zona, a solicitude deberá ser presentada á Mesa Nacional.
4

5 **Art. 8.** Son deberes das colaboradoras de Isca!:

6
7 a) Cotizar coa cota establecida.

8 b) Empregar a lingua galega en todos os seus ámbitos e defender a cultura da nosa
9 nación.

10 c) Mellorar permanentemente os seus coñecementos políticos.

11 d) Contribuír á expansión e reforzamento da organización.

12 e) Manter a confidencialidade sobre os asuntos internos da organización.

13 f) Contribuír á difusión das posicións da organización, así como das súas actividades
14 e publicacións.

15 g) Defender a imaxe pública, os principios e os obxectivos da organización.
16

17 **Art. 9.** Son dereitos das colaboradoras de Isca!:

18
19 a) Participar con dereito a voz, mas non a voto, na Asemblea de Zona a que pertenza.

20 b) Implicarse nos debates, nas tomas de decisión e na execución da actividade da
21 organización.

22 c) Recibir información periódica da organización.

23 d) Empregar os locais e resto de infraestruturas da organización.

24 e) Recibir formación política e ideolóxica. Recibir información sobre actividades e
25 debates internos da organización.

26 f) Recibir o apoio da organización en caso de sufrir persecución polas súas
27 actividades políticas derivadas da súa colaboración con Isca!
28

29 ***Das simpatizantes***

30
31 **Art. 10.** É simpatizante de Isca! calquera persoa de até trinta anos de idade que
32 manifestar a vontade de recibir información periódica sobre a actividade política da
33 organización.
34

35 ***Do réxime disciplinario***

36
37 **Art. 11.** Son causas de sanción das militantes e colaboradoras de Isca!:



- 1 a) Boicotear a posta en práctica das decisións maioritarias da organización.
- 2 b) Actuar contrariamente ao programa e ás resolucións da Asemblea Nacional.
- 3 c) Incumprir os Estatutos da organización.
- 4 d) Manter actitudes ou prácticas que danaren a organización.
- 5 e) Manter actitudes ou prácticas lesivas contra outras compañeiras da organiza-
- 6 ción, especialmente aquelas de carácter machista, lgbtfóbico, racista e outras que
- 7 teñan un carácter estrutural.
- 8 f) Criticar de xeito público a liña política da organización.
- 9 g) Non respectar o compromiso de confidencialidade das comunicacións e debates
- 10 internos da organización, así como das posicións tomadas polo resto de compañeiras.
- 11 h) Deixar de cotizar de xeito inxustificadamente a cota establecida.

12

13 **Art. 12.** A investigación e resolución da sanción corresponde ao organismo en que
14 participar a compañeira obxecto da mesma e deberá contar co apoio de dou terzos
15 das presentes. En todo caso, esta resolución poderá ser recorrida perante a Mesa
16 Nacional, á cal lle corresponde a toma en consideración da sanción e do recurso, e
17 que poderá nomear un Grupo de Traballo específico para a investigación e resolución
18 do caso.

19

20 A persoa investigada ten dereito a audiencia previa, tanto na primeira como na
21 segunda instancia. En virtude da gravidade dos actos sancionados, as medidas que
22 poden ser adoptadas son as seguintes:

23

- 24 a) Advertencia.
- 25 b) Destitución temporaria da(s) responsabilidade(s) que ostente na organización.
- 26 c) Suspensión temporaria da participación na organización.
- 27 d) Expulsión de Isca!

28

29 ***Da Asemblea Nacional***

30

31 **Art. 13.** A Asemblea Nacional é o máximo organismo de dirección. Celebrarase cada
32 dous anos en sesión ordinaria e terá dereito a asistir toda a militancia que for dada
33 de alta segundo o regulamento da mesma e que teña todas as cotas ao día.

34

35 **Art. 14.** A Asemblea Nacional reunirse en sesión extraordinaria se:

36

- 37 a) Así o solicitar 2/3 da militancia.



- 1 b) A Mesa Nacional o considerar oportuno.
- 2 c) O solicitar o 3/5 das Asembleas de zona.

3

4 **Art. 15.** Son funcións da Asemblea Nacional:

5

- 6 a) Elección da Mesa Nacional.
- 7 b) Definir a liña política da organización.
- 8 c) Atender a rendición de contas dos organismos de dirección.
- 9 d) Definir e modificar os estatutos da organización.
- 10 e) Dar conta do estado das finanzas da organización.
- 11 f) Calquera outra que soberanamente a Asemblea decidir.

12

13 ***Da Mesa Nacional***

14

15 **Art. 16.** A Mesa Nacional é o organismo que dirixe a actividade de Isca! no período
16 entre Asembleas Nacionais. As súas funcións son:

17

- 18 a) Executar os acordos e a estratexia política marcada na Asemblea Nacional.
- 19 b) Coordinar o traballo nacional entre Asembleas Nacionais.
- 20 c) Convocar as Asembleas Nacionais ordinarias e extraordinarias e elaborar os
21 documentos para debater nelas.
- 22 d) A análise da conxuntura política.
- 23 e) A comunicación e a coordinación do traballo entre as diferentes Asembleas de
24 Zona.
- 25 f) Planificar a expansión territorial e organizativa.
- 26 g) Aprobar a creación de novas Asembleas de Zona.
- 27 h) Manter a relación con outras organizacións e espazos, tanto dentro canto fóra
28 do país.
- 29 i) Manter a comunicación e a coordinación da actividade co Movemento Arredista.
- 30 j) O control das finanzas da organización.
- 31 k) Atender as propostas de sanción e os recursos ás mesmas.
- 32 l) Interpretar os presentes Estatutos en caso de dúbida.
- 33 m) Todas as outras recollidas nos presentes Estatutos.

34

35 **Art. 17.** A Mesa Nacional estará composta por cinco membros electos mediante voto
36 directo e secreto pola Asemblea Nacional, aos cales se sumarán unha responsábel
37 electa por cada Asemblea de Zona e unha responsábel electa por cada unha das



1 tres Comisións Nacionais: de Galiza Nova, de Mulleres e LGBT. O organismo tamén
2 podera determinar a incorporación dunha responsábel electa por aqueles Grupos de
3 Trballo Nacionais que achar oportuno.

4
5 **Art. 18.** A Mesa Nacional contará coas responsabilidades de Organización, Relacións
6 Políticas, Formación e Loita Ideolóxica, Comunicación e Finanzas. Alén diso, o
7 organismo poderá dispor a creación doutras responsabilidades adicionais se o achar
8 preciso.

9
10 As responsabilidades mencionadas terán as seguintes funcións:

11
12 **Organización:**

- 13
14 a) Organizar o traballo político e orgánico de acordo coa orientación definida na
15 Asemblea Nacional.
16 b) Convocar as Mesas Nacionais ordinarias para o seguimento da actividade política
17 da organización.
18 c) Coordinar o funcionamento de todas as responsabilidades, a fin de garantir a
19 operatividade do conxunto da organización.
20 d) Promover a expansión e o crecemento da organización.

21
22 **Relacións políticas:**

- 23
24 a) Desenvolver as relacións de Isca! con outras organizacións e espazos do país.
25 b) Manter a comunicación co Movemento Arredista e garantir a coordinación do
26 traballo conxunto, incorporándose como membro da Mesa Nacional do partido.
27 c) Desenvolver as relacións internacionais de Isca! con organizacións e espazos de
28 fóra do país, dando divulgación á nosa organización e ás orientacións principais da
29 súa intervención política.

30
31 **Formación e Loita Ideolóxica:**

- 32
33 a) Velar pola formación teórica do conxunto da militancia de Isca!, promovendo a
34 celebración de actividades e a elaboracións de materiais formativos.
35 b) Promover o debate e a adopción de posturas por parte da organización sobre
36 cuestións de importancia estratéxica.



1 **Comunicación:**

2

3 a) Dar proxección pública á actividade e ás posturas de Isca!, nomeadamente
4 mantendo as Redes Sociais e a páxina web da organización.

5 b) Coordinar a publicación do Combater, voceiro da organización.

6 c) Coordinar a imaxe gráfica de Isca!, así como a elaboración dos materiais gráficos
7 e propagandísticos da organización.

8

9 **Finanzas:**

10

11 a) Planificar os recursos financeiros da organización.

12 b) Facer seguimento das contas da organización, nomeadamente do pagamento
13 das cotas por parte da militancia.

14

15 **Art. 19.** As convocatorias da Mesa Nacional serán mensuais, sendo función da Res-
16 ponsabilidade de Organización transmitir aos seus membros o lugar, data, hora e
17 unha proposta de orde do día, ademais da organización do debate e o levantamento
18 de acta de cada xuntanza. As convocatorias son exclusivas para as membros da MN.
19 As Asembleas de Zona e outros organismos con representación poderán nomear
20 outra persoa no caso de non poder asistir a responsábel.

21

22 ***Das Comisións Nacionais***

23

24 **Art. 20.** As Comisións Nacionais son organismos permanentes de coordinación
25 nacional naqueles sectores de especial importancia estratéxica ou orgánica para a
26 organización. Contarán cunha Responsábel de Comisión con presenza permanente
27 con voz e voto na Mesa Nacional para garantir a boa coordinación do traballo, así
28 como a adecuada representación daquelas Comisións non mixtas. As Comisións
29 Nacionais reuniranse como mínimo unha vez cada tres meses.

30

31 **Art. 21.** A Comisión Nacional de Galiza Nova ten por obxectivo coordinar a nivel
32 nacional o traballo na fronte xuvenil. Poderán participar da Comisión Nacional de
33 Galiza Nova todas as mozas da organización que o solicitaren, foren militantes ou
34 colaboradoras, e deberán participar dela todas as militantes que contaren con algún
35 tipo de responsabilidade orgánica na fronte. Son funcións súas:

36

37 a) Seguir e coordinar a actividade no seo de Galiza Nova.



1 b) Dar apoio ás militantes que contaren con algún tipo de responsabilidade orgánica
2 en Galiza Nova.

3
4 **Art. 22.** A Comisión Nacional de Mulleres ten por obxectivo preservar o principio de
5 autoorganización das mozas, así como coordinar a nivel nacional o traballo no ámbito
6 do feminismo. É un organismo non mixto; poderán participar da Comisión Nacional
7 de Mulleres todas as mozas da organización que o solicitaren, foren militantes ou
8 colaboradoras. Son funcións súas:

9
10 a) Seguir e coordinar a actividade no ámbito do feminismo.

11 b) Servir de canal de comunicación e apoio entre as compañeiras mozas da
12 organización.

13
14 **Art. 23.** A Comisión Nacional LGBT ten por obxectivo preservar o principio de autoor-
15 ganización das persoas LGBT, así como coordinar a nivel nacional o traballo no ámbito
16 da loita LGBT. É un organismo non mixto; poderán participar da Comisión Nacional
17 LGBT todas as persoas LGBT da organización que o solicitaren, foren militantes ou
18 colaboradoras. Son funcións súas:

19
20 a) Seguir e coordinar a actividade no ámbito da loita LGBT.

21 b) Servir de canal de comunicación e apoio entre as compañeiras LGBT da organi-
22 zación.

23 24 ***Dos Comités Nacionais***

25
26 **Art. 24.** Os Comités Nacionais son organismos de apoio ás Responsabilidades da
27 Mesa Nacional que o precisaren para o bo desenvolvemento das súas funcións.
28 Poden ser creados ou disolvidos en calquera momento en función da necesidade
29 da Responsabilidade Nacional correspondente, que será quen as coordine. Poderán
30 participar deles todas as militantes e colaboradoras da organización.

31 32 ***Dos Grupos de Traballo Nacionais***

33
34 **Art. 25.** Os Grupos de Traballo Nacionais son organismos de coordinación do traballo
35 a nivel nacional en ámbitos, campañas ou actividades concretas. Poden ser creados
36 ou disolvidos en calquera momento en función da necesidade. Poderán participar
37 deles todas as militantes e colaboradoras da organización. Contarán cunha Respon-



1 sabilidade do Grupo de Traballo que, caso ser achado necesario, poderá contar con
2 presenza permanente con voz e voto na Mesa Nacional para garantir a boa comuni-
3 cación e coordinación do traballo.

4 **Plenarios Nacionais**

5
6
7 **Art. 26.** A A Mesa Nacional poderá convocar plenarios nacionais nos que poderá
8 participar toda a militancia co obxectivo de debater temas concretos.

9 **Asembleas de zona**

10
11
12 **Art. 27.** A organización estrutúrase en Asembleas de Zona que se reunirán ordina-
13 riamente cunha periodicidade mensual. Alí onde o número de militantes o permitir
14 poderá ser creada unha Asemblea Local.

15
16 **Art. 28.** Cada Zona elixirá de entre os seus membros unha Responsábel de Zona cuxa
17 función será convocar as asembleas, facer cumprir os acordos tomados, servir de vía
18 de comunicación entre a organización nacional e a Zona e asistir á Mesa Nacional.

19 **Dos símbolos, himno e voceiro**

20
21
22 **Art. 29.** Isca! ten como símbolo unha estrela vermella de cinco puntas rodeada
23 dunha frecha en dirección á esquerda.

24
25 **Art. 30.** Isca! asume como símbolos a bandeira da Galiza coa estrela vermella de
26 cinco puntas no seu centro e a bandeira vermella coa fouce e o martelo.

27
28 **Art. 31.** Os himnos da organización son o Himno Nacional Galego e a Internacional,
29 himno da clase traballadora.

30
31 **Art. 32.** O voceiro de Isca! leva por nome “Combater”.

32 ***Das finanzas***

33
34
35 **Art. 33.** A organización contará cunha caixa nacional. Todas as achegas económicas serán
36 feitas nela. Un membro da Mesa Nacional exercerá as funcións de Responsábel de Finanzas.
37 Dará contas ante a organización periodicamente, cando menos unha vez ao ano.



